

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DÍA 18 DE XULLO DE 2023-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día dezoito de xullo de dous mil vinte e tres ; as nove horas e dez minutos xuntase os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data Alcalde Don César Fernández Gil concelleiros/as: don Miguel García Domínguez, don Juan Carlos Fernández Fernández, dona Mariluz Expósito Pérez e dona Yolanda Gómez Gómez.

Está presente o Secretario do Concello, Don Francisco Gaspar Fernández Castro.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior de 11 de xullo de 2023.

2.- OBRAS MAIORES.-

Outorgamento licenza de obras 675/2023 RIB / NC /36.1/ 23

Vista a solicitude formulada por don Modesto González Dieguez de Proxecto de demolición parcial dun galpón agrícola situado no lugar de San Paio do municipio de Ribadavia, redactado polo enxeñeiro técnico agrícola Jesús Bernal Touza, e visado 2023/00062 polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas de Ourense.

Consta no expediente:

En data 10 de abril de 2023 tivo entrada no rexistro do Concello de Ribadavia solicitude de licenza de obras para demolición parcial de galpón e axúntase PROXECTO DE DEMOLICIÓN PARCIAL DUN GALPÓN AGRÍCOLA SITUADO NO LUGAR DE SAN PAIO DO MUNICIPIO DE RIBADAVIA, redactado polo enxeñeiro técnico agrícola Jesús Bernal Touza e visado 2023/00062 polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas de Ourense.

En data 12 de xullo de 2023 tivo entrada no rexistro do Concello de Ribadavia Resolución sobre actuación que afecta ao contorno de protección de varios bens incluídos no catálogo do patrimonio cultural de Galicia do Servizo do Patrimonio Cultural, expediente 66-529, que resolve:

“Autorizar a demolición solicitada sempre e cando se teñan en conta as seguintes consideracións:

- Igualmente podería considerarse compatible a demolición da totalidade do ben. De non ser así, haberán de establecerse medidas de remate e ornato, de xeito que non quede en ningún caso con ladrillo visto, nin se manteñan as cubertas sen o seu necesario acabado.”*

-Informe da arquitecta municipal de 13.7.2023.

-Informe do secretario municipal.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda :

Conceder licenza de obras para a execución das obras contempladas

Proxecto de demolición parcial dun galpón agrícola situado no lugar de San Paio do municipio de Ribadavia, redactado polo enxeñeiro técnico agrícola Jesús Bernal Touza, e visado 2023/00062 polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas de Ourense., rúa de Arriba nº7, San Paio, referencia catastral 2637907NG7823N0001AX.

1 Condicións Particulares.

- *haberán de establecerse medidas de remate e ornato, de xeito que non quede en ningún caso con ladrillo visto, nin se manteñan as cubertas sen o seu necesario acabado."*

2.-Condicións xerais:

En todo caso é de ter en conta que as licencias outórganse a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, polo que a Administración concedente non lle incumbe a comprobación da propiedade do solicitante, senón unicamente o acomodo á legalidade urbanística das obras ou actividades. Por outra banda, e segundo é xurisprudencia reiterada, a concesión da licenza levará implícito o condicionamento de acomodo da actividade á legalidade vixente e aplicable en cada caso, debendo acomodarse deste modo, non só os condicionamentos expresamente sinalados senón tamén ás normas de directa aplicación segundo a lexislación urbanística.

Penalización: O incumprimento das condicións fixadas dará lugar a apertura de expediente de protección da legalidade urbanística (artigo 152 e ss. da Lei 2/2016), sen prexuízo das sancións a que puidera haber lugar.

Caducidade: A caducidade será declarada pola Administración municipal logo do procedemento con audiencia do interesado.

Nome ou razón social do promotor: **D Modesto González Dieguez.** **Prazos:** *O prazo de inicio das obras non poderá exceder de seis (6) meses e o prazo de remate de dezoito (18) meses , a contar dende o día seguinte ó de notificación da concesión da Licenza de Obras.*

RESPECTO DA SEGURIDADE NA EXECUCIÓN DOS TRABALLOS:

Respecto da seguridade dos traballadores, adoptaranse as medidas mínimas de Seguridade e Saúde, recollidas na Ordenanza Laboral da Construción e demais normativa aplicable.

Liquidación do ICIO: Xírase unha liquidación provisional do ICIO por importe de 135,67 euros.

Outorgamento licenza de obras 965/2022 RIB / N/68.6/ 22

Vista a solicitude formulada por don Rafael Otero González en representación de Recanto do Avia SL para “ Proxecto básico e de execución . Rehabilitación de tres inmobles para hotel no conxunto histórico de Ribadavia (Ourense) , con data de visado colexial de 9 de xuño de 2023, asinado polos arquitectos don Enrique Otero González e don Rafael Otero González.

DOCUMENTACIÓN PRESENTADA:

Con data de 30 de maio de 2022 presentouse o “Anteprojecto de rehabilitación de tres inmobles para hotel no Conxunto Histórico de Ribadavia (Ourense)”, redactado polo arquitecto D. Enrique Otero González, colexiado nº 3.784 no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia.

O “Modificado de Anteprojecto”, presentado con data de 16 de setembro de 2022, estaba redactado polo mesmo técnico.

Con data de 09 de xuño de 2023 achégase:

- Anexo 5. Solicitude de Licenza de Obra.
- Documento de representación de D. Constantino Villasanín Domínguez, en representación de Recanto do Avia SL, autorizando a D. Rafael Otero González para que actúe como representante.
- “Proxecto Básico e de Execución. Rehabilitación de tres inmobles para hotel no Conxunto Histórico de Ribadavia (Ourense)”, con data de visado colexial de 09 de xuño de 2023, asinado polos arquitectos D. Enrique Otero González e D. Rafael Otero González, colexiados nº 3.784 e nº 5.295, respectivamente, no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia.
- Estatística da Edificación.
- Solicitude de redacción do Proxecto Arqueolóxico pola “Oficina Municipal”.

Con data de 14 de xullo de 2023 preséntanse os Oficios de Dirección de Obra a nome dos citados arquitectos, D. Enrique Otero González e D. Rafael Otero González e Oficio de Dirección de Execución da Obra e de Coordinación de Seguridade e Saúde a nome do arquitecto técnico D. Alberto Rodríguez Rodríguez.

CON REXISTRO DE ENTRADA NO CONCELLO Nº 4.732 DE DATA DE 13 DE XULLO DE 2023.

Achégase “Resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, pola que se autoriza o proxecto patrimonial. Control Arqueolóxico para rehabilitación de tres inmobles en hotel no Conxunto Histórico de Ribadavia”.

Consta no expediente :

Informe favorable da arquitecta municipal de data 14.7.2023.

Informe do secretario municipal.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda :

-Conceder licenza de obras a Recanto do Avia SL para a execución das obras contempladas Proxecto básico e de execución . Rehabilitación de tres inmobles para hotel no conxunto histórico de Ribadavia (Ourense) , con data de visado colexial de 9 de xuño de 2023, asinado polos arquitectos don Enrique Otero González e don Rafael Otero González en Rúa dos Fornos 11-13-15-17 , Referencias catastrais

0823613NG7802S0001ZT

0823612NG7802S0001ST

0823611NG7802S

0823610NG7802S

-Conceder a excepcionalidade de cumprimento do apartado I.A.2.4.1. do Decreto 29/2010, de 4 de marzo, polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia da planta primeira da edificación nº 11-13; habéndose obtido a aprobación da Comisión de Seguimento na súa sesión do 23 de novembro do 2022.

1 Condicións particulares:

Na execución das obras de conexión coas redes municipais de saneamento, de recollida de augas pluviais e de abastecemento de auga, estarase ao disposto no Informe da empresa concesionaria dos servizos , Aqualia.

Dende o punto de vista arqueolóxico estarase o disposto na "Resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, pola que se autoriza o proxecto patrimonial. Control Arqueolóxico para rehabilitación de tres inmobles en hotel no Conxunto Histórico de Ribadavia", de data de 12 de xullo de 2023, na que se autoriza a D. Jorge Lamas Bértola, Arqueólogo Municipal e redactor do proxecto arqueolóxico.

Debe depositar un Aval económico, coa finalidade de garantir o correcto estado do vial público, unha vez rematadas as obras de conexión coas rede de saneamento, recollida de augas pluviais e de abastecemento de auga, por importe de 717,07 €, correspondente a execución das partidas 3.00, 3.01 do Presuposto de Proxecto, incluído gastos xerais, beneficio industrial e IVE.

2.-Condicións xerais:

En todo caso é de ter en conta que as licencias outórganse a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, polo que a Administración concedente non lle incumbe a comprobación da propiedade do solicitante, senón unicamente o acomodo á legalidade urbanística das obras ou actividades. Por outra banda, e segundo é xurisprudencia reiterada, a concesión da licenza levará implícito o condicionamento de acomodo da actividade á legalidade vixente e aplicable en cada caso, debendo acomodarse deste modo, non só os condicionamentos expresamente sinalados senón tamén ás normas de directa aplicación segundo a lexislación urbanística.

Penalización: O incumprimento das condicións fixadas dará lugar a apertura de expediente de protección da legalidade urbanística (artigo 152 e ss. da Lei 2/2016), sen prexuízo das sancións a que puidera haber lugar.

Caducidade: A caducidade será declarada pola Administración municipal logo do procedemento con audiencia do interesado.

Nome ou razón social do promotor: **Rafael Otero González en representación Recanto do Avia SL.**

Prazos: *O prazo de inicio das obras será de seis (6) meses e o prazo de remate de tres (3) anos , a contar dende o día seguinte ó de notificación da concesión da Licenza de Obras.*

Liquidación do ICIO: A liquidación provisional do ICIO inicial supondría 11.050 euros

Considerando que o pleno do concello de Ribadavia en sesión de 23 de febreiro de 2023 adoptou acordo do seguinte tenor literal:

PRIMEIRO. Recoñecer a Recanto do Avia SL en relación á obra de Rehabilitación de tres inmobles para hotel no Conxunto Historico de Ribadavia a bonificación do 50% do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, por entender debidamente xustificada a causa do beneficio, en virtude do disposto na Ordenanza fiscal do devandito imposto publicada no *Boletín Oficial da Provincia* número 159, de data 13 de xullo de 2020, amparada no artigo 103.2.a) do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

SEGUNDO. Notificar esta Resolución á persoa interesada, con indicación dos recursos que procedan.

Xirase unha liquidación provisional do ICIO por importe de 5.525 euros.

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.-

Escrito de Aqualia con rexistro de entrada no concello número 4712 de 13 de xullo de 2023 sobre afeccións do novo Real Decreto 372003 que regula criterios técnico sanitarios da calidade da auga de consumo,o seu control e subministro.

Escrito de don Oscar Rodríguez Meiriño , con rexistro de entrada no concello número 4731 de 13 de xullo de 2023 , no que solicita:

Se tenga por presentado este escrito, se admita, y en virtud de su contenido se acuerde iniciar la tramitación de modificación puntual del PXOM de Ribadavia, a la mayor brevedad posible, considerando además la extensión temporal que conllevan los expedientes de este tipo, y se corrijan los errores existentes en el planeamiento, que están causando graves perjuicios al suscribiente y entiendo que a los demás propietarios implicados, llegando en algunos casos a impedir el desarrollo de obras en las parcelas afectadas por ellos.

A xunta de goberno acorda comunicar que consonte ao previsto no artigo 83 da Lei 2/2016 do Solo de Galicia , a modificación do plan xeral suxeitarase ás mesmas disposicións enunciadas para a súa tramitación e aprobación, e que consonte ao artigo 22 da Lei Reguladora de bases de réxime local a competencia é do pleno do concello.

Partindo de ditas consideracións normativas, de inexcusable observancia, exista a vontade por parte do concello de proceder a redacción dunha modificación puntual do Plan Xeral coa finalidade de, de forma conxunta, solventar a problemática suscitada e algunhas situacións análogas detectadas.

4.-ESCRITOS OFICIAIS.-

5.-CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

Bases torneo RibaStreet

A xunta de goberno local aproba as bases do Torneo RibaStreet do seguinte tenor literal:

1º.- CATEGORÍAS E IDADES: Nacidos en 2010 e anteriores. +13 anos.

2º.- PARTICIPANTES: Os participantes anotaranse individualmente xa que os equipos formaranse aleatoriamente.

3º.- COBERTURA SANITARIA: Todos os participantes, no momento de formalizar a inscrición, deberán asinar para acreditar que eximen aos organizadores de calquera responsabilidade e cobro polas lesións que se poidan producir durante o Torneo de Fútbol, xa que este torneo está baseado na práctica deportiva do cidadán Participación espontánea. con fins recreativos ou sociais é voluntario e gratuíto, para garantir calquera cobertura dos danos ocasionados durante o desenvolvemento do partido.

4º.- INSCRICIÓN E DOCUMENTACIÓN: Os participantes deberán anotarse nos puntos establecidos do 14 ao 23 de xullo, onde se entregará a documentación a cubrir. Unha vez rematado o tempo, pecharase o prazo de inscrición. Na inscrición cada xogador deberá cubrir o Formulario de Inscrición co nome, apelidos, DNI, data de nacemento e experiencia ou nivel do xogador e entregalo no propio establecemento. No formulario de inscrición incluimos unha cláusula de cesión de dereitos de imaxe. **IMPORTANTE:** é necesaria a sinatura de cada xogador na inscrición para a exención de responsabilidade por calquera lesión que se poida producir durante os partidos.

5º.- NORMAS DA COMPETICIÓN: - O torneo celebrarase do 16 ao 18 de agosto deste ano. - O sorteo dos equipos, grupos e horarios realizarase o 15 de agosto e os resultados publicaranse no Instagram da OMIX (@omixribadavia). - Haberá 4 grupos de 3 equipos cada un. Haberá unha fase de grupos de partido único na que se clasificarán os 2 primeiros de cada grupo. En caso de empate entre equipos, a organización guiarase polo partido disputado entre eles. - Os partidos non poden rematar en empate, no caso de que remate o tempo regulamentario e o marcador se empate, realizarase unha tanda de penaltis. - A puntuación na fase de grupos será a seguinte:

Vitoria - 3 puntos Gañar con empate

- 2 puntos Derrota con empate
- - 1 punto derrota 0 puntos - A fase final será a partido único.
- Os primeiros clasificados de cada grupo xogarán contra A fase final será a partido único. - Os primeiros clasificados de cada grupo xogarán contra o segundo clasificado doutro dos grupos.
- Habará 2 mesas polas que os equipos pasarán á final. –

IMPORTANTE: os partidos non se poden aprazar, é dicir, os horarios son fixos e non se poden modificar. Os xogadores non inscritos no torneo tampouco poderán xogar. No caso de que un equipo xogue cun xogador que non estea inscrito inicialmente no torneo, será sancionado co partido perdido cun resultado de tres a cero.

- Os equipos xogaranse con 4 xogadores no campo (3 xogadores de campo + o porteiro).
- O xogo pódese xogar co número mínimo de xogadores (os 4 titulares).
- - No caso de que o partido se xogue co número mínimo de xogadores permitidos e un xogador sexa expulsado, o partido continuará con normalidade.
- - Pídese puntualidade nos partidos, habará que estar no campo 5 minutos antes do comezo do partido, o equipo que chegue máis tarde da hora de inicio do encontro, daráselle o partido por perdido cun resultado de tres. cero. (No momento de comezar a partida deberán haber un mínimo de 4 xogadores para non renunciar á partida por perdida).

Os árbitros non serán os propios xogadores, senón que habará outros árbitros encargados de arbitrar todo o torneo.

- Cada equipo deberá ir uniformado coas camisetas facilitadas pola organización.

6º.- **REGRAS NO XOGO:** -Os partidos serán de 2 partes de 15 minutos con 5 minutos de descanso. Habará un quecemento de 5 minutos antes de cada partido. -Os árbitros serán máis permisivos. -Xogarse sen fóra de campo porque habará valados. -Non habará cartóns vermellos pero os amarelos expulsarán ao xogador durante 30 segundos, unha vez transcorrido o tempo deberá entrar no seu lugar un suplente. No caso de que non haxa xogadores, o mesmo xogador entrará no campo despois da sanción. -Os goles por detrás do medio campo valerán 2. -En cada partido os equipos elixen o peor ou o menos experimentado do equipo rival e este converterase na estrela do equipo. Os seus goles valerán 2. -O porteiro non poderá tocar o balón no seu propio campo salvo na súa propia área, se o fai, pitarase un tiro libre. -O porteiro disporá de 10 segundos para poñer o balón en xogo. -O porteiro só pode pasar o balón unha vez na súa propia área. -O porteiro non terá restricións en campo contrario. -Será cedido ao porteiro sempre que reciba o balón coas mans, tras un pase voluntario, tendo pasado o balón coas pernas directamente dun compañeiro. Un tiro libre indirecto sancionarase diante da área perpendicular á liña de gol. Ademais, o porteiro só poderá participar co pé 1 vez por xogada, a non ser que o porteiro pase do medio campo ou o equipo contrario tocase o balón intentando recuperalo. Para participar 2 veces nunha mesma xogada, sen que ningún rival tocase o balón e que non supere o medio campo, sancionarase unha cesión. (Os traballos serán indirectos gratuítos)

- Considéranse faltas:
 - a) Dar ou tentar patear a un adversario.
 - b) Tropear a un oponente, facerlle caer ou intentar facelo, ben polo medio da perna ou ben agacándose diante ou detrás del
 - c) Saltar ou saltar por riba dun oponente.
 - d) Cargar perigosamente contra un adversario.
 - e) Golpear ou tentar golpear a un adversario.
 - f) Suxeitar a un oponente ou impedirlle a acción, empurrar a un oponente coas mans ou os brazos.
 - g) Cargar co ombreiro a un adversario sen disputar o balón
 - h) Xogar a pelota coa man, é dicir, levala, golpeala, tocala ou lanzala coa man ou o brazo afastado do corpo, ou intencionadamente co brazo ou a man preto do corpo, salvo cando se faga polo porteiro dentro da súa propia área de penalti
 - i) Xogar dun xeito considerado perigoso polos árbitros, por exemplo, tentando quitarlle o balón das mans ao porteiro contrario.
 -) Patear o balón sen intención de xogalo, chegando a un adversario ou ameazando con chegar a el con perigo
 - k) Utilizar, a xuízo dos árbitros, un xogo perigoso (plantilla, elevación do pé á altura do busto, etc.). En calquera destas situacións, concederase un tiro libre, concedido ao equipo contrario no lugar onde se cometeu a infracción, salvo que se aplique a lei da vantaxe. Segundo a gravidade da infracción sancionárase con cartón amarelo. Os organizadores teñen total liberdade de decisión nos conflitos que se produzan durante o torneo. Calquera casuística que xurda e non estea recollida neste regulamento deberá ser resolta baixo os criterios fixados polos correspondentes organizadores ou árbitros. Calquera persoa que desobedeza as decisións dos organizadores dará o partido por perdido cun resultado de tres a cero ou unha expulsión do torneo directamente en función da gravidade do asunto. 7º.-

PREMIOS:

- Primeiro clasificado 350 euros
-
- Segundo clasificado 200 euros
-
- MVP do torneo 25 euros
-
- Máximo goleador do torneo 25 euros
-
- Cea para todos os participantes e demais
-
- **6.-ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-**

Non houbo.-

E sendo as nove horas e vinte e cinco minutos o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

